

Concello de Covelo

Expte. n.º: 1.282/2025

CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NO ORZAMENTO DO CONCELLO DE COVELO, A FAVOR DA ENTIDADE ASOCIACIÓN CULTURAL CICLO DE MÚSICA DE BARCIA DE MERA, CON DESTINO Á ACTIVIDADE XVII CICLO DE MÚSICA RELIXIOSA DE SAN MARTIÑO DE BARCIA DE MERA.

Dunha parte, D. Juan Pablo Castillo Amigo con DNI nº 76.897.169-G, Alcalde-Presidente do Concello de Covelo con CIF nº P-3601300A conforme as atribucións que lle outorga a lexislación vixente.

Doutra parte, D. Jose Rafael Antela Alfaya con DNI nº 35.558.994-M, en calidade de representante legal da Asociación Cultural Ciclo de Música de Barcia de Mera con CIF nº G-94.171.279 intervindo con facultade plena para a sinatura do convenio.

Tódalas partes recoñécense mutuamente, na calidade na que interveñen, con capacidade suficiente para o outorgamento do presente convenio de colaboración e de común acordo,

EXPOÑEN:

Primeiro.- Que as entidades locais, en canto Administracións Públicas, poden exercer a acción de fomento de actividades ou proxectos que se consideren de utilidade pública, de interese social ou de promoción dunha finalidade pública, mediante a concesión de subvencións, segundo o disposto no artigo 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- Que no artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións se prevé a posibilidade de concesión directa das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais.

Terceiro.- Que no artigo 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións se configura o convenio como instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais.

Cuarto.- Que o Concello de Covelo, entre os seus obxectivos, ten o de promover e potenciar as actividades culturais.

Quinto.- Que no orzamento de Covelo para o exercicio 2025, en particular na Base 56ª das Bases de Execución do Orzamento, prevese con cargo á partida orzamentaria 334.48, unha subvención nominativa a favor da entidade Asociación Cultural Ciclo de Música de Barcia de Mera.

EN BASE AO EXPOSTO AMBAS PARTES ESTIPULAN:

Primeiro.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto deste convenio é a regulación dunha subvención, prevista nominativamente no orzamento do 2025 do Concello de Covelo a favor da entidade Asociación Cultural Ciclo de Música de Barcia de Mera.



Concello de Covelo

Segunda.- FINANCIACIÓN DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA.

O importe da subvención do Concello elévase a tres mil euros (3.000,00 €), por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria de 23 de outubro de 2025, para o XVII Ciclo de música relixiosa de San Martiño de Barcia de Mera.

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes doutras Administracións ou entes públicos ou privados, agora ben o importe das subvencións reguladas no presente convenio non poderá, en ningún caso, ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas, ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo da actividade a desenrolar polo beneficiario.

Terceira.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

O presente convenio de colaboración terá vixencia ata o remate de todo o procedemento de fiscalización da xustificación da aplicación dos fondos percibidos en concepto de subvención e da aprobación da conta xustificativa presentada pola entidade beneficiaria.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada (definida na cláusula segunda) e se realicen no prazo establecido.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- Os xuros debedores das contas bancarias.
- Xuros, recargas e sancións administrativas e penais.
- Gastos de procedementos xudiciais.
- Impostos directos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- Impostos sobre a renda.

Cuarta.- OBRIGACIÓNS DO BENEFICIARIO.

Establécense como obrigacións por parte da Asociación Cultural Ciclo de Música de Barcia de Mera:

- Realizar as actividades para as que se concede a subvención.
- Xustificar perante o Concello de Covelo o cumprimento dos requisitos e condicións que sexan esixibles segundo a normativa aplicable, así como a realización das actividades para as que se concede a subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan requiridas polos órganos municipais.
- Facer constar de forma clara que a actividade está subvencionada polo Concello, incorporando o logotipo do Concello de Covelo nos exemplares dos programas, cartes, convocatorias da actividade e



Concello de Covelo

en toda información gráfica, escrita ou sonora que se realice con motivo da actuación subvencionada.

- Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.
- Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Non estar incurso nas prohibicións para a obtención da condición de beneficiario do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Estar o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto ou realizar a actividade subvencionada, e acreditálo conforme ó establecido na cláusula sexta deste Convenio.

Quinta.- FORMA DE PAGO.

O pago da subvención realizarase previa xustificación, polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu a subvención conforme o establecido na cláusula sexta.

Permítese pagos anticipados ou a conta, con carácter previo á xustificación final, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, segundo o previsto no artigo 34 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, sempre que así o solicite o interesado. Os pagos anticipados poderán alcanzar o 70 % da contía subvencionada.

Sexta.- XUSTIFICACIÓN.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión, documentarase a través da rendición das contas xustificativas, que constitúen un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención. E estará integrada por:

- Memoria xustificativa subscrita polo beneficiario ou o seu representante indicativa das actividades desenvolvidas, do cumprimento das condicións impostas e dos resultados obtidos.
- Relación subscrita polo beneficiario ou o seu representante expresiva da totalidade dos gastos e investimentos derivados da actividade, debidamente desagregados e detallados, e á que se acompañará as facturas e gastos, debendo achegar xustificante de pago.

As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.



Concello de Covelo

Non se admitirá outro tipo de xustificante de pago que non sexa a través de transferencia bancaria.

- Declaración subscrita polo beneficiario ou o seu representante relativa á existencia doutras subvencións ou axudas que foran obtidas para a mesma finalidade ou, no seu caso, mención expresa dos outros ingresos ou axudas que foran financiar a actividade, con indicación de importe e procedencia.
- Deberá acreditar estar ó corrente das obrigas fiscais e de Seguridade Social.
- Entrega de documentación acreditativa da publicidade do financiamento público da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como lendas relativas ao financiamento público en carteis, materiais impresos, páxina web, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben mencións realizadas en medios de comunicación.
- Calquera outra que sexa solicitada polo Concello.

O prazo de xustificación da subvención será até o **5 de decembro de 2025**.

Sétima.- REINTEGRO.

Procederá o reintegro da subvención conforme ao disposto no Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Oitava.- NATUREZA DO CONVENIO E LEXISLACIÓN APLICABLE.

Este convenio ten natureza xurídico-administrativa.

No non previsto neste convenio será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, rexerese polas bases de execución do orzamento de 2025, e resto da lexislación de réxime local reguladora de subvencións públicas e de procedemento administrativo.

As cuestións litixiosas que xurdan na aplicación do presente convenio serán resoltas en vía administrativa polo órgano competente e, no seu caso, ante a xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade asínase o presente convenio.

Polo Concello de Covelo

Pola Asociación Cultural Ciclo de Música de Barcia de Mera

O Alcalde

O representante legal

D. Juan Pablo Castillo Amigo

D. Jose Rafael Antela Alfaya

